

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

CLP/agf

A deputada delegada, en virtude das competencias delegadas pola presidencia, dita a seguinte resolución:

Visto o informe da xefa do Servizo de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente de 13.02.2020, onde indica que se iniciaron os trámites para a implantación dun sistema de xestión ambiental no Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra a través dun sistema de xestión da calidade cunha entidade certificadora.

Dado que para conseguir a acreditación coas normas EMAS III e ISO 14001 débese cumprir co establecemento da política ambiental.

Resultando que a competencia para aprobar este convenio está atribuída á deputada delegada, segundo Resolución presidencial do 15 de xullo de 2019, nº 2019012988, sobre delegación de atribucións da presidencia

RESOLVO

Aprobar a Política de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra que alcanza ao Pazo Provincial e que di o que segue:

“Ante a situación de emerxencia climática, unha das cuestións máis urxentes que ten a nosa sociedade é a necesaria resposta ante o imparable cambio climático, é por iso que a Deputación de Pontevedra asumiu como prioritario contribuir a este gran reto global.

A institución provincial converteu a transición ecolóxica en obxectivo transversal da acción de goberno, e por este motivo implantouse un sistema de xestión ambiental no Pazo Provincial, incluíndo a totalidade dos servizos realizados neste centro: Arquitectura; Asesoría Xurídica; Comunicación Institucional; Contratación, Facenda e Patrimonio; Cultura; Deportes; Intervención; Medio Ambiente; Prevención de Riscos Laborais; Recursos Humanos e Formación; Secretaría Xeral; Tesoureira.

O sistema de xestión implantado demostra o compromiso da Deputación de Pontevedra coa mellora continua do comportamento ambiental e o seu compromiso co cumprimento dos seguintes principios:

- Garantir o cumprimento dos requisitos legais, e outros requisitos que a institución subscriba, que afectan á xestión ambiental.*

- *Sensibilizar e formar permanentemente ás persoas, motivándoas a que se sumen a este desafío imparabile no que todas e todos somos necesarios.*
- *Protexer o medio ambiente:*
 - *Minimizando os impactos ambientais dos nosos servizos:*
 - *Un uso sostible dos recursos.*
 - *A redución das emisións atmosféricas.*
 - *A segregación en orixe dos residuos xerados.*
 - *Comprometéndonos coa prevención da contaminación.*
- *Establecer obxectivos e accións de mellora alcanzables. Dotar aos Servizos dos medios e recursos necesarios para conseguilos.*

A Presidencia da Deputación de Pontevedra comprométese a desenvolver os compromisos fixados nesta política e no propio sistema de xestión ambiental."

Pontevedra, 13 de febreiro de 2020

O SECRETARIO



Por delegación, a xefa do servizo da Escola de Cantería,
segundo R. P. nº 2016001033 de 25 de xaneiro de 2016

TRANSICIÓN ECOLÓXICA E MEDIO AMBIENTE